

ACTIVIDADE 1. Relaciona cada palabra latina co termo patrimonial galego que se formou a partir dela.

Palabras latinas

AURICULA •

CALDARIU •

STRICTU •

TECTU •

ARTICULU •

Palabras patrimoniais

• caldeiro

• artello

• teito

• orella

• estreito

ACTIVIDADE 2. Substitúe as expresións destacadas polo cultismo correspondente en cada caso, dos recollidos no cadro. **OLLO!!** Algúns sobran.

vocais	filiais	ocular	bucais
afiliados	lácteos	vogais	leiteiras

- Sufrín problemas na boca graves e tiveron que ir ao dentista.
- As relacións cos fillos son, moitas veces, conflitivas.
- Someteuse a unha operación de ollos moi delicada.
- É alérxica, polo que non pode consumir derivados do leite.

ACTIVIDADE 3. A continuación móstranse dúas palabras latinas acompañadas dos termos patrimoniais aos que deron lugar en galego. Pero esas palabras latinas tamén nos deixaron cultismos.

Escribe o cultismo correspondente a cada unha.

• CLAMARE > Chamar

• PLANU > Chan

ACTIVIDADE 4. Relaciona cada palabra latina do cadro co cultismo e o termo patrimonial correspondentes.

raio	materia	fillo	radio	solteiro
filial	chuvia	estrito	madeira	pluviómetro
estreito	solitario			

PALABRA LATINA	PALABRA CULTA	PALABRA PATRIMONIAL
MATERIA		
RADIU		
PLUVIA		
SOLITARIU		
FILIU		
STRICTU		